CONCELLO DE SANTIAGO

TUSSA

SERVIZOS DE TRANSPORTE PARA O CONCERTO DE "BAD BUNNY". MULTIUSOS FONTES DO SAR (martes 24/7/2018).

Detalle dos servizos de transporte urbano para achegarse ao multiusos Fontes de Sar con motivo do concerto de Bad Bunny, o martes 24 de xullo:

- **LIÑA C11 (frecuencia de paso de 15')**: a liña C11 realizará prolongacións para o acceso ao multiusos, en todos os seus servizos entre as 16:00 e as 22:00 (pasos aproximados polo centro da cidade).
  As paradas máis céntricas para coller esta liña son: **673, rúa Xeneral Pardiñas nº 35 (esquina Rep. Arxentina); 674, rúa Xeneral Pardiñas nº 7 (esquina Montero Ríos); 409, Praza de Galicia (ferretería); 228, rúa da Ensinanza; 662, Virxe da Cerca nº 10 (praza de Abastos).**

- **SERVIZO LANZADEIRA** de xeito continuado, desde as **16:00 ata as 22:00.**
  Punto de saída: ***carril bus da rúa do Hórreo***, á altura da escalinata da estación de ferrocarril. Directo ata o multiusos Fontes do Sar.
  Localización da parada para acceder á lanzadeira:
  - Coordenadas 42.8714013,-8.5450422
  - https://goo.gl/maps/zcxNXu3eYTx

- **LIÑA 9 (frecuencia de paso de 60')**: pasos aproximados polo centro da cidade a multiusos, na parada **598, rúa da Senra nº 13:** 16:40, 17:40, 18:40… cada 60'… ata 22:40.

- **LIÑAS C5 e C6 (frecuencia de paso de 60')**: para acceso ao multiusos desde outras zonas da cidade: Amio, San Lázaro, Restollal ou Castiñeiriño. Horarios e información de percorridos nos seguintes enlaces:
  -Liña C5 http://www.tussa.org/web/linas.php?id=13&lg=gal
  -Liña C6 http://www.tussa.org/web/linas.php?id=14&lg=gal

Ao remate do concerto, manterase o **SERVIZO LANZADEIRA** a partir das 00:00. Os autobuses irán desde o multiusos con destino á avenida de Lugo, cruce coa rúa do Hórreo.

Para calquera consulta acerca de horarios e percorridos das distintas liñas, teñen á súa disposición o teléfono de información do transporte urbano, con información a tempo real do estado do servizo, **901120054 / 981581815**; a páxina web www.tussa.org; así como os perfiles "**maisbus**" en facebook e twitter.